

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES PROVISORIAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE E EXCLUÍDAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA REALIZAR ESTADÍAS CON FINS DE FORMACIÓN (*Staff Mobility for Training* - STT) NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ KA131 DURANTE O CURSO 2025-26, DESTINADAS AO PTXAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO E AO PERSOAL CON RELACIÓN CONTRACTUAL COA UNIVERSIDADE DE VIGO NOS SERVIZOS, ÁREAS OU OFICINAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

O 19 de xuño de 2025 publicouse a convocatoria de axudas para realizar estadías con fins de formación no marco do programa Erasmus+ KA131 durante o curso 2025-26, destinadas ao PTXAS da Universidade de Vigo e ao persoal con relación contractual nos servizos, áreas ou oficinas da Universidade de Vigo

Rematado o prazo de presentación de solicitudes previsto nesta convocatoria, e logo de examinalas, esta reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a listaxe provisoria de **solicitudes admitidas a trámite** no anexo I.
2. Publicar a listaxe provisoria de **solicitudes excluídas** coa causa de exclusión no anexo II.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante [instancia xenérica \(SXER\)](#) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais (ORI). De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Este prazo é só para emendar as causas de exclusión das solicitudes. En ningún caso se admitirán cambios nos destinos indicados na solicitude orixinal.

Unha vez revisadas as alegacións, publicarase a resolución coa listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas coa mención da causa de exclusión.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño

